



3. ANDREA O LABOR EDUCATIVO, SOCIOSANITARIO E FILANTRÓPICO PARA AXUDAR AS MULLERES GALEGAS MIGRANTES A CUBA

Alberto García Fernández
Concelleiro de Cultura de Mondoñedo

Baixo o título “Andrea López Chao: A mestra de Mondoñedo na emigración. Sobre o estudo e divulgación do labor educativo, sociosanitario e filantrópica en defensa e axuda da muller na emigración en Cuba. Directora do Plantel Educativo concepción Arenal do Centro Galego da Habana. Vicepresidenta fundadora da Sociedade Hijas de Galicia e impulsora do Hospital e do Balneario, en acollida e asistencia das mulleres emigradas en risco de exclusión social” desenvolveuse no Salón de Plenos do Concello de Mondoñedo unha mesa redonda no marco das XVI Xornadas do Peregrino ‘Abrindo Camiño’. Camiño de Santiago e Emigración. Homenaxe a Andrea López Chao.

Na mesa redonda participaron presencialmente Valentín García Gómez (Secretario xeral de Política Lingüística Consellería de Cultura, Educación FP e Universidades Xunta de Galicia), Prudencio Viveiro Mogo (Historiador e investigador no Consello da Cultura Galega) e mais Antonio Reigosa Carreiras (Escritor e Cronista Oficial de Mondoñedo).

Como concelleiro de cultura, mindoniense e moderador desta mesa supón unha honra colaborar na organización destas xornadas para poñer en valor a figura dunha muller mindoniense que non era coñecida a pesar do seu papel pioneiro sociosanitario na illa de Cuba. Desde o Concello estamos encantados de colaborar sempre en divulgar a figura de moitas veciñas e veciños que tiveron un papel destacado e como administración máis cercana temos a obriga de dar a coñecer.

Mondoñedo é cidade de grandes persoeiros que destacaron en diferentes facetas. Tamén as mulleres, por iso nos agrada máis cando descubrimos unha pioneira en feminino. Esta muller tivo a oportunidade de realizar unha gran labor,

moitas do seu tempo non. Sen embargo, tamén estaban alí e merecen todo o noso respecto e recoñecemento.

Quero agradecer a Luís Ansedes, a todos os colaboradores que axudaron nestas xornadas e tamén á Xunta de Galicia por patrocinar estes actos. Finalmente, un recordo especial para os bisnetos de Andrea en Mondoñedo, familia que aínda conserva na nosa cidade, e nos que se percibe o cariño desta gran mindoniense.